


CINE



IES A PONTEPEDRIÑA

IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28

15702 Santiago de Compostela

Telf.: 981531013

Fax.: 981593605

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespontepedrina/>
Pedriñas blog do ENLD www.blogoteca.com/pedrinhas

ERGUE O LIBRO,
SACUDE AS PÁXINAS POR
SE CAEN OS SOÑOS.
Gonzalo Moure.


BOLETÍN DA BIBLIOTECA ESPECIAL NADAL 2012



*Agasalla libros
polo Nadal*

1º e 2º da ESO


Palabras de auga. Marcos Calveiro.



O xamán Mkebe ordenou a os membros do clan dos Wakati que abandonasen o país Lomba coa esperanza de atopar unha terra mellor con auga abundosa. Dende entón, homes e mulleres camiñan, baixo un sol abrasador, sen saber que lles pode deparar o futuro. Amadou aprenderá da súa nai a colleitar o alimento agochado nos formigueiros, mais tamén, como afouto guerreiro, haberá de se enfrontar axiña cos perigos da caza e da procura de Numba, o seu irmán maior, desaparecido no campamento dos nenos soldado.

Rosalía de Castro. Miña casaña, meu lar.

Nesta escolma, a profesora Elsa Baluja selecciona corenta poemas de *Cantares gallegos e follas novas*, nos que Rosalía combina a rítmica dos cantares populares coa denuncia dos problemas da Galicia rural, como a pobreza e a emigración. Acompañan os textos unhas breves introducións e mínimas notas lingüísticas. Completa a magnífica edición unhas atractivas ilustracións.



Ti non xogas. Silvestre Gómez Xurxo.

Durante unha semana enteira non parou de chover e hoxe por fin saíu un sol radiante. Pero Suso, en vez de estar a xogar ao fútbol co resto dos rapaces, está sentado nun chanzo da escaleira do patio da escola. O peor é estar amolado, porque cando quería xogar Róber chimpoulle: Ti non xogas! Non houbo ninguén que lle dixese a Róber que iso non se podía facer...



1º e 2º da ESO

A chave da Atlántida. Anxo Fariña.

Os científicos do «Proxecto Prometeo» crearon A-cero, un ser humano artificial. Un proxecto científico que os bioenxeñeiros da empresa Biomorph desenvolveron a partir da lectura duns pergamiños atopados na fosa Kermadec, cando indagaban sobre a cidade asolagada da Atlántida. Aqueles pergamiños, redactados nunha lingua descoñecida, deixaban ver uns planos nos que se identificaban segredos ocultos, capaces de construír un novo futuro para a ciencia e para a humanidade. A fuxida de A-cero e o seu encontro con Eva e o seu tío Fran desencadeará a busca da chave que permita entrar na Atlántida, á que semella poder accederse dende as viguesas illas Cíes.




Fernando Cimadevila. Un faro na escuridade.

A serie do mundo secreto de Basilus Hoffman comprende un ambicioso proxecto de fantasía que abrangue cinco novelas coas que nos mergullamos nun mundo estraño e complexo, un universo onde o profesor Hoffman: arqueólogo, historiador, lingüista e, sobre todo, explorador de mundos ocultos, serve de guía ao seu novo sobriño Peter nunha viaxe na que as lendas e os mitos de moi diferentes culturas do noso propio mundo conflúen cara a unha única e asombrosa revelación que marcará o destino da humanidade."



Inacio e Iván Suárez. Titoán.

Máis dun ano despois de impoñerse por unanimidade no Premio Castelao de Banda Deseñada 2011, o cómic *Titoán* ve a luz. *Titoán*, supón unha nova entrega da Colección Castelao, o gran proxecto que os autores de *O pobre tolo*, Inacio e Iván Suárez, teñen consagrado á Castelao, coa intención de "entrar na vida real do personaxe, no seu carácter".



1º e 2º da ESO


Dun tempo e dunha terra. Celso Emilio Fereiros.

Escolma dos poemas máis representativos do autor celanovés neste ano no que se celebra o centenario do seu nacemento. Logo dunha breve introducción biográfica, reúnen 44 poemas agrupados en apartados temáticos: "O descontento co presente", "O tempo, a nostalxia do paraíso, o desacougo", "O compromiso cos que sofren a historia", "O amor", "A esperanza", "A terra", "A sátira, o escarnio". Ilustrado dun xeito xenial.



Cartas de inverno. Antonio Seixas.

Di Agustín Fernández Paz: "Este Cartas de inverno de Antonio Seixas recolle a historia, os personaxes e os ambientes que creei no seu día, comezando pola omnipresente mansión onde todo sucede. Trátase da mesma historia, narrada a través da linguaxe do cómic e a través doutra mirada". A tensión creada coas palabras trasládase ás imaxes e á montaxe das viñetas. Os estados de ánimo atopan a súa correspondencia na paleta de cores utilizada polo autor.




Charlie e o grande ascensor de cristal. Roal Dahl.

É a segunda entrega da serie protagonizada por Charlie e o señor Willy Wonka. Nesta novela, Charlie, coa súa familia e o señor Wonka, utilizan un novidoso medio de transporte –un grande ascensor de cristal dotado dos medios técnicos máis avanzados– para chegar ata a fábrica das lambetadas e facerse cargo da súa dirección. De repente, por mor dun fallo técnico, as cousas comezan a ir mal: o aparello elévase máis e máis ata entrar na órbita terrestre.



3º e 4º da ESO




Inacio e Iván Suárez. *Titoán*.

Máis dun ano despois de impoñerse por unanimidade no Premio Castelao de Banda Deseñada 2011, o cómic *Titoán* ve a luz. *Titoán*, supón unha nova entrega da Colección Castelao, o gran proxecto que os autores de *O pobre tolo*, Inacio e Iván Suárez, teñen consagrado á Castelao, coa intención de "entrar na vida real do personaxe, no seu carácter".

Palabras de auga. Marcos Calveiro.

O xamán Mkebe ordenou a todos os membros do clan dos Wakati da tribo dos Kimba que abandonasen o país Lomba coa esperanza de atopar unha terra mellor con auga abundosa. Dende entón, homes e mulleres camiñan, baixo un sol abrasador, a sabana sen saber que lles pode deparar o futuro. Amadou aprenderá da súa nai a colleitar o alimento agochado nos formigueiros, mais tamén, como afouto guerreiro, haberá de se enfrontar axiña cos perigos da caza e da procura de Numba, o seu irmán maior, desaparecido no campamento dos nenos soldados.




Alexandra. Lola Gándara.

Todo comezou coa desaparición de Alexandra, unha noite de concerto. Ao tratar de atopala, as súas amizades descubren ata que punto se metera nas súas vidas. Tirando da madeixa do misterio a protagonista vai coñecer nova xente, un traballo interesante e unha historia do pasado que sacode cimentos.

3º e 4º da ESO

Cartas de inverno. Antonio Seixas.

Di Agustín Fernández Paz: "Este Cartas de inverno de Antonio Seixas recolle a historia, os personaxes e os ambientes que creei no seu día, comezando pola omnipresente mansión onde todo sucede. Trátase da mesma historia, narrada a través da linguaxe do cómic e a través doutra mirada". A tensión creada coas palabras trasládase ás imaxes e á montaxe das viñetas. Os estados de ánimo atopan a súa correspondencia na paleta de cores utilizada polo autor. De aí que declare a miña alegría ante a publicación destas novas Cartas de inverno.




As fronteiras do medo. Agustín Fdz. Paz.

As historias de terror teñen o efecto de remover nos seres humanos os medos atávicos que a civilización tenta ocultar baixo a aparencia da razón, a ciencia e o control. Mais todos sabemos da existencia de feitos que contradín toda lóxica, de realidades que fan abanear as nosas crenzas, por moito que pechemos os ollos e nos neguemos a admitilas. Agustín Fernández Paz mergúllanos en seis historias que traspasan «as fronteiras do medo».



O aroma do liquidámbar. An Alfaya.

Miro non sabía que Susana estaba no cárcere, e Daniel morría de pena porque Adelaida marchara a Guatemala para coidar da súa avoa enferma. Os dous estrañaban as súas nais; animados pola harmónica de Humberto e a guitarra de Fermín, fartos do mal xenio de Manuela ou mortos de risa cos inventos de Vicente. Unha rosa fresca no cuarto de Susana mantiña viva a súa presenza no corazón de Miro; os recendos das herbas perfumadas de Adelaida, e sobre todo o aroma do liquidámbar, recordábanlle a Daniel o espírito feiticeiro da súa nai, e mais o de Violeta, a súa centenaria avoa.



Fernando Cimadevila. Un faro na escuridade.

A serie do mundo secreto de Basilius Hoffman comprende un ambicioso proxecto de fantasía que abrangue cinco novelas coas que nos mergullamos nun mundo estraño e complexo, un universo onde o profesor Hoffman: arqueólogo, historiador, lingüista e, sobre todo, explorador de mundos ocultos, serve de guía ao seu novo sobriño Peter nunha viaxe na que as lendas e os mitos de moi diferentes culturas do noso propio mundo conflúen cara a unha única e asombrosa revelación que marcará o destino da humanidade."




Dúas letras. Fina Casalderrey e Eloy Varela.

Esta edición inclúe o DVD, o texto literario, e dous traballos sobre a emigración galega a América, a cargo de Víctor F. Freixanes; e outro sobre a correspondencia entre as dúas beiras atlánticas escrito por Francisco Castro. Dúas letras gravita en torno á carta que non dá chegado, a misiva do fillo que está na emigración, pelexando co destino e a sorte, e a nai que espera a chegada da carta que lle dará, ademais de novas, algo de esperanza.

Manuel Cráneo. A torre dos Mouros.

Unha banda deseñada que amosa as primeiras interpretacións sobre como era a vida na fortaleza da Torre dos Mouros, en Carnota. A obra, que fai parte das accións de divulgación deste proxecto de investigación arqueolóxica, conta co asesoramento do xornalista Manuel Gago e do arqueólogo Antón Malde.



1º e 2º de Bacharelato

Teresa Moure
A intervención




Teresa Moure. A intervención.

Un pianista retirado, unha dermatóloga, o fillo desta, estudante universitario, e mais unha das súas profesoras na facultade de Historia reúnen para constituíren un comando artístico. O seu obxectivo é levar a cabo unha performance un tanto particular, a medio camiño entre a creación estética e a toma de conciencia política. Mentres desenvolven o seu escrupuloso plano, a chegada inesperada dunha nova personaxe, unha psiquiatra vienesa, obrígaos a rexistrar por escrito as súas actividades clandestinas.

Anxo Angueira. Iria.

O novelista estrutura a materia narrativa en tres grandes bloques. O primeiro, a narración das navegacións do galeón Iria, que dá título á novela. O segundo bloque presenta, en acertado contrapunto co primeiro, os traballos na construción do regadío das cuncas do Ulla e do Sar nos anos sesenta. O terceiro ocúpase de facer a historia dos afogados na comarca da ría de Arousa, onde se desenvolve a narración.



Manuel Rivas
As voces baixas



Manuel Rivas. As voces baixas.

Esta obra é unha construción de humor e dor. Unha novela da vida para chorar e rir. As voces baixas son as criaturas, os nenos e nenas, as mulleres que falan soas, os mortos, os animais...É a ironía a que sostén as palabras, a que terma das «voces baixas» para que non se afundan, para que resistan e mesmo procuren unha segunda vida á marxe das relacións de dominio e poder, nun entroido existencial.

1º e 2º de Bacharelato

María Reimóndez. En vías de extinción.

Gaia é a protagonista desta novela. Ela é unha desas persoas que teñen a cerna dura como un carballo, que asumen e reivindicán o monte como berce persoal. Un día, o seu traballo como intérprete fai que a súa traxectoria se cruce coa da cantante de máis éxito do momento. Daquela, todas as certezas que ela manexara semellan estar en perigo.




Héctor Carré. Febre.

Carmucha, unha moza de dezasete anos, non ten medo de nada nin se amedrenta ante ninguén. Despois de coñecer as inxustizas que se cometen na mina de volframio, as atrocidades do corrupto e desapiadado cabo Marelo, e sendo consciente da actitude submisiva daquelas mulleres, decide mudar o rumbo da súa vida de señorita e poñerse ao servizo das persoas máis humildes. Félix, o fillo dos caseiros da súa familia, será dende entón o seu gardacostas, mais tamén o seu máis leal conselleiro, a súa sombra.



Fran Alonso. Ninguén.


A novela aborda os actuais xeitos de relación entre as persoas nas sociedades urbanas e o modo en que a cidade e a tecnoloxía influen para mudar os medios que empregamos para comunicarnos. A convivencia entre os veciños dun edificio e o uso da tecnoloxía como paradigma das formas de relación son a constante neste libro. Desde a presenza do móbil ata o contacto persoal a través das redes sociais, *Ninguén* explora esa nova condición que hoxe nos define aos cidadáns das comunidades contemporáneas.



1º e 2º de Bacharelato

Miguelanxo Prado. Ardalén.

Sabela intenta reconstruír unha parte da súa historia, a través dos recordos de Fidel. Pero hai máis fios que se van entrelazando nese proceso de recuperación, outras persoas, outras memorias. Porque tamén somos o que os demais recordan. *Ardalén* é unha historia en torno á memoria persoal. A memoria como esencia da nosa existencia, da percepción da nosa propia vida, da nosa identidade.



Birgit Vanderbeke. Mexillóns para cear.

Unha novela curta que deixa sen alento e que se le así, toda seguido, posto que a forma de contar é unha espiral que envolve o lector para aspiralo e medrar con el: cantas cousas se agochan detrás das palabras, sentimentos, medos, violencia! A obra envolve, e sentimos a mesma angustia que a familia, non a angustia por saber o que vai pasar, senón a angustia de saber o que tiveron que pasar, a tanto ditactorialismo e a tanta recriminación.



Manuel Cráneo. A torre dos Mouros.

Unha banda deseñada que amosa as primeiras interpretacións sobre como era a vida na fortaleza da Torre dos Mouros, en Carnota. A obra, que fai parte das accións de divulgación deste proxecto de investigación arqueolóxica, conta co asesoramento do xornalista Manuel Gago e do arqueólogo Antón Malde.

